



# PLAN DIXITAL

## CPI Plurilingüe dos Dices

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

<b>Nome do Centro:</b>	CPI Plurilingüe dos Dices					
<b>Dirección:</b>	Lugar dos Dices s/n 15911 Rois A Coruña					
<b>Páxina web:</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidosdices/">http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidosdices/</a>					
<b>Etapas educativas:</b>	Ed. Infantil, Ed. Primaria, ESO					
<b>N.º de alumnado:</b>	<b>Ed Infantil:</b>	66	<b>Ed. Primaria</b>	111	<b>ESO</b>	114
<b>N.º de profesorado:</b>	<b>Mestres/as:</b>			24:		
	<b>Profesores/as ESO:</b>			13		

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPI Plurilingüe dos Dices está situado no Concello de Rois, o concello presume dunha contorna natural privilexiada ao suroeste da provincia da Coruña, na comarca do Sar a tan só vinte quilómetros de Compostela. Excelentes paisaxes naturais ; un rico patrimonio arqueolóxico e unha variada arquitectura civil e relixiosa. Limita polo norte co concello de Brión; polo sur cos de Dodro e Rianxo; polo este cos de Padrón e ;Teo e polo oeste co de Lousame. A extensión territorial deste concello é de 92,8 km2 divididos entre doce parroquias.

A situación socio económica da poboación de Rois consideraríase media, é unha zona moi industrializada, con varias empresas na contorna, na que traballan moitos dos proxenitores do noso alumnado.

No Concello de Rois existe outro centro de Infantil e Primaria, CEIP O Pomar que está adscrito a o noso centro para cursar ESO, situado na Parroquia de Urdilde, cerca do CPI Dos

Dices atópase o edificio de Usos múltiples do Concello , que conta nas súas dependencias coa Escola de Educación Infantil A Galiña Azul, Biblioteca municipal, auditorio municipal do cal o Centro fai uso para determinadas actividades.

O Plan dixital contribúe á mellorar a competencia dixital de toda a comunidade educativa polo que se integra perfectamente dentro dos obxectivos do Proxecto Educativo de Centro. Ademais, o Plan Dixital pode empregar como vehículo para a adquisición dos seus obxectivos o Proxecto E-Dixgal no que o centro está participando cos cursos 5ªEP, 6ºEP e todos os cursos da ESO.

A Programación Xeral Anual establece no seu Obxectivo 3 a elaboración do Plan Dixital de Centro ao longo do presente curso académico.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

*O plan dixital de centro nace coa idea de acadar unha transformación dixital do centro de tal xeito que coa consecución dos obxectivos propostos se acade a capacitación de centro dixitalmente competente. A normativa na que se xustifica a elaboración do plan dixital é a seguinte:*

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

### 1.4. Proceso de elaboración

*Para a elaboración do plan dixital contouse coa axuda dos asesores dixitais (ADIX) que guiaron aos coordinadores do plan dixital e aos membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital nas distintas fases de elaboración do plan dixital. Como eixo vertebrador e secuenciador das actividades empregouse un curso Moodle no que o equipo Adix marcaba prazos de entrega das tarefas que correspondían a cada fase: análise da situación do centro mediante SELFIE e test CDD, diagnose da situación mediante o DAFO e deseño do Plan de acción.*

*O Equipo de Dinamización do Plan Dixital, realizaba xuntanzas onde se debateu sobre os resultados dos test SELFIE e CDD e se fixo á análise individual e logo en grupo dos elementos a incluír no DAFO e posteriormente no Plan de Acción.*

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *O centro conta con acceso a Internet con fibra óptica de 600Mb (teoricamente) de ancho de banda. Inda así, dado que hai moitos equipos conectados simultaneamente a rede sáturnase co cal ás veces é moi complicado realizar tarefas en liña co alumnado. Dispoñemos da rede Wifi eduxunta e da rede wifi de E-Dixgal.*
- *O alumnado de 5EP, 6 EP, e todo o alumnado de secundaria participa no proxecto E-Dixgal polo que contan cos ultraportátiles que se facilitan dentro do proxecto Edixga, e as aulas destes grupos teñen a dotación E-Dixgal (canón, PDI). Contamos con dúas aula de informática: unha no edificio de secundaria e outra no edificio de Primaria. A metade dos equipos da aula de informática de secundaria están obsoletos polo que o alumnado ten dificultades na materia de TICs para traballar con certas aplicacións de Vídeo e deseño 3D. Nos departamentos do profesorado*

contan con equipos portátiles e impresoras. Así mesmo, na sala do profesorado hai dous equipos sobremesa para consulta e na zona de administración hai dous equipos desde os que se ten acceso á fotocopiadora.

- *Servizos dixitais educativos: o centro emprega os servizo corportativos de aula virtual de centro, páxina web de centro, correo corporativo cpidosdices.org, plataforma Moodle E-Dixgal, Espazo Abalar e Abalarmóbil.*
- *A Xestión do mantemento do equipamento do centro realizase en dúas fases, en primeiro lugar comunícase a incidencia ao coordinador E-Dixgal se é relacionada co equipamento E-Dixgal ou ao coordinador TIC se a incidencia está relacionada con outro equipamento informático do centro. Se a incidencia non é posible resolvela nesta fase, é escalada ao servizo E-Dixgal Premium ou a un técnico externo que axuda no mantemento do equipamento non E-Dixgal.*

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Para a elaboración do DAFO tivéronse en conta as puntuacións acadadas nas distintas áreas do test de Autoavaliación SELFIE. Inclúese a información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:**

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	4.0	3.0
	Profesorado	3.1	3.0
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	3.7	2.8
	Profesorado	3.1	2.8
	Alumnado	3.5	3.3
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	4.5	3.6
	Profesorado	4.1	3.9
	Alumnado	3.9	4.2
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	4.7	3.3
	Profesorado	3.3	3.1
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4.4	3.8
	Profesorado	4.1	3.9
	Alumnado		4.1
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	4.2	3.5
	Profesorado	3.9	3.6
	Alumnado	3.7	3.4
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3.9	3.0
	Profesorado	3.9	2.6
	Alumnado		3.0
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	4.2	3.3
	Profesorado	4.1	3.0
	Alumnado	4.3	3.6

*Inclúese a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Así como o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.*

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	15	28	53,6%
<b>PROVISIONAL</b>	3	6	60%
<b>INTERINO</b>	2	2	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	1	2	50%
<b>DESPRAZADO</b>	5	9	55,6%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,7	Integrador/a B1	76,4	Integrador/a B1

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF</b>	67	Integrador/a B1	68,2	Integrador/a B1
<b>ESO</b>	92	Integrador/a B1	79,2	Integrador/a B1
<b>Pri.</b>	72,4	Integrador/a B1	77	Integrador/a B1

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	0	0%
<b>A2</b>	12	46,2%
<b>B1</b>	8	30,8%
<b>B2</b>	4	15,4%
<b>C1</b>	2	7,7%
<b>C2</b>	0	0%
<b>TOTAL</b>	26	100,00%

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	Dispoñemos de dispositivos dixitais para a labor docente. Temos dispositivos dixitais a disposición do alumnado	No noso centro non existen sistemas de proteccións de datos. O acceso a Internet nas aulas cando están conectados os equipos E-Dixgal non é bo.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	O profesorado ten acceso a formación en TICs. O profesorado busca recursos educativos dixitais en Internet	Non se empregan as Tics para permitir que o alumnado faga observacións construtivas sobre o traballo dos compañeiros. Insuficiente creación de recursos dixitais Insuficiente intercambio de experiencias sobre o ensino coas Tics

			Insuficiente uso das TIC àa a realización de proxectos interdisciplinares. Insuficiente uso das TIC na avaliación de habilidades do alumnado.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>	O alumnado aprende a actuar de xeito responsable en Internet. O alumnado sabe como comunicarse empregando a tecnoloxía	
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>		Non existe avaliación do progreso do ensino-aprendizaxe coas TIC. Non existe unha estratexia dixital. Non se involucra ao profesorado na estratexia dixital de centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	A administración educativa promove a transformación dixital da Educación en Galicia. Implementación de canles de comunicación e colaboración dixitais entre o profesorado.	Deficiente estabilidade e velocidade no acceso a Internet. Ratio profesorado/alumnado elevada
	<b>LEXISLACIÓN</b>		Insuficiente política de protección de datos. Cambios lexislativos constantes.
	<b>CONTORNA</b>		
	<b>ANPA</b>	A ANPA sempre se amosa colaboradora coas iniciativas e propostas do centro	
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		Insuficiente uso das Tics para a colaboración con outras organizacións

### 3. Plan de Acción

*Para desenvolver os obxectivos do Plan de acción tívose en conta o equipamento dispoñible do centro en canto aos recursos humanos e materiais no momento de elaboración do plan dixital. Os obxectivos foron propostos para incidir nunha mellora substancial do uso que se fai dos recursos dispoñibles.*

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

*A partir do informe Dafo, no que se detectaron as debilidades do centro que se deben reforzar, en primeiro lugar tratamos de identificar as áreas prioritarias de acción para poder determinar uns obxectivos realistas, específicos, medibles, alcanzables, relevantes que impliquen unha mellora substancial con resultados facilmente medibles nun curso académico. Logo de determinar as áreas*

*prioritarias, os membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital, debatemos sobre os obxectivos a seleccionar sobre os propostos por cada membro e fixemos a selección. Por último, procedemos a cumprimentar as táboas de obxectivos facilitadas polo equipo Adix seguindo as recomendacións proposta, sendo de inestimable axuda os obxectivos exemplo facilitados.*

*Nas táboas explícanse os indicadores do obxectivo, nos que se concreta ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos contamos. Para os indicadores de obxectivo concréntanse os valores de partida e de chegada.*

*As accións á desenvolver para acadar os obxectivos foron deseñadas de xeito que se marcaran fases de desenvolvemento diferenciadas nas que se puidera valorar o grao de realización da acción de maneira fiable e efectiva. Asignándolle a cada acción o responsable máis axeitado.*

### **3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

*No CPI Plurilingüe dos Dices, formamos parte proxecto E-Dixgal desde fai xa varios anos. Neste último curso académico, o proxecto E-Dixgal implantouse tamén en 3º e 4º de ESO. Debido a isto, o número de equipos conectados á rede simultaneamente é grande, o que fai que a demanda de ancho de banda sexa moi alta e se poñan de manifesto ás limitacións e carencias na nosa infraestrutura de datos xa que moitas veces é imposible a realización de actividades en liña nas clases, o cal causa un enorme prexuízo ao noso alumnado e á labor docente.*

*Polo exposto anteriormente, consideramos fundamental que se mellore a conectividade de datos do CPI Plurilingüe dos Dices coa finalidade de que o noso alumnado poida realizar as actividades de ensino-aprendizaxe en liña con plena normalidade.*



## Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Prácticas de avaliación (G)						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Aumentar o emprego da aula virtual do centro para a realización de tarefas e probas de avaliación para a súa cualificación a través da contorna Moodle				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Persoa coordinadora TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Porcentaxe de cursos que emprega tarefas avaliáveis e o libro de cualificacións na aula virtual co seu alumnado (Instrumento:cuestionario)					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Sen datos previos					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	50% dos cursos da aula virtual			15/6/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Formar ao profesorado no uso de Moodle para a creación de tarefas e cuestionarios	Persoa coordinadora das TIC	30/11/2022	Plataforma E-Dixgal/ Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear categorías e subcategorías no libro de cualificacións e incluír as tarefas en cada categoría e subcategoría	Profesorado das diferentes materias	20/3/2022	Plataforma E-Dixgal/ Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Obtención da cualificación das tarefas realizadas mediante os libros de cualificación	Profesorado das diferentes materias	15/6/2023	Plataforma E-Dixgal/ Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula (F) Competencias dixitais do alumnado(H)						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Desenvolver proxectos colaborativos e interdisciplinares empregando a rede Aqueiro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Profesorado de cada área ou materia				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	N.º de proxectos desenvolvidos (Instrumento: enquisa ao profesorado implicado)					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 proxectos desenvolvidos					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	2 Proxectos desenvolvidos			15/6/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:Formar ao profesorado no uso da rede Aqueiro	Persoa coordinadora das TIC	30/1/2023	Rede Aqueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Crear grupos de traballo de alumnado e profesorado e concretar os proxectos a desenvolver	Profesorado das diferentes materias ou áreas	20/3/2023	Rede Aqueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3:Elaborar e avaliar os proxectos	Profesorado das diferentes materias ou áreas	20/6/2023	Rede Aqueiro Proxectos creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

#### 4. Avaliación do plan

*O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos realizarase mediante cuestionarios e enquisas ao profesorado que se realizarán periodicamente tendo en conta o seguinte:*

- *No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*
- *No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

#### 5. Difusión do plan

*A difusión do plan dixital do centro realizarase mediante a publicación do plan dixital na páxina web corporativa. Deste xeito, toda a comunidade educativa terá acceso ao mesmo.*